




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Colexio de Educación Infantil e Primaria
Sada e contornos

Avda. Sada e contornos s/n.
15160 SADA A CORUÑA
Tlfno e Fax 981 620 337
Correo electrónico: ceip.sada@edu.xunta.es

Xesús Lorenzo Varela



LETRAS GALEGAS 2005

Este ano a Real Academia Galega acordou dedicar o 17 de maio, día das letras galegas, a Xesús Lorenzo Varela.

A Consellería de Educación publicou a Orde do 19 de xaneiro pola que se dan instrucións para a conmemoración do Día das Letras Galegas nos centros de ensino non universitario (DOG nº 21 de 01-02-05). Nela establécese que se programarán actividades para salientar esta data e o autor homenaxeado.

MATERIAIS DISPOÑIBLES

Bibliografía adquirida polo centro.

- Lorenzo Varela. Biografía e antoloxía. Carlos L. Bernardez. Edicións Xerais. Colección Merlín.
- Lorenzo Varela. Vida e obra. Carlos L. Bernardez. Edicións Xerais.
- Poesía Galega, X. Lorenzo Varela. Carlos L. Bernardez. Edicións Xerais

Materiais enviados pola Dirección Xeral de Política Lingüística.

- Exposición didáctica de primaria sobre Lorenzo Varela. Composta por 12 carteis que se exporán na biblioteca do centro.
- Unidades didácticas de primaria.
- Un CD sobre Lorenzo Varela que contén os carteis e as unidades didácticas en formato pdf.
- Un DVD "Letras galegas 2005, Lorenzo Varela" de 13 minutos de duración no que fai un percorrido pola vida e obra do autor.
- Unha escolma de textos de persoeiros aos que se lle dedicou o día das letras galegas desde 1963 a 2005.

**Estes materiais atópanse na sala de profesores. Prégase que se usen para consulta e se deixen no mesmo lugar para poder utilizalos todos aqueles que os precisen.*

ACTIVIDADES

Os equipos de Actividades complementarias, de Normalización lingüística e da Biblioteca prepararon diversas actividades:

1. Mural sobre Lorenzo Varela. Formado por 15 pezas, en tamaño A4, no que participarán tódalas aulas e que se colocará na entrada do centro.
2. Marcador de lecturas sobre Lorenzo Varela.
3. Fichas de actividades sobre Lorenzo Varela dirixidas a E. Infantil e Primaria.
4. Maleta recortable e poemas de Lorenzo Varela. Este material distribuirase ao coller libros na biblioteca.
5. Festa dos xogos. Está prevista para o día 12 de maio.
6. Denominar a cada aula co nome dun escritor galego. Colocarase o autor/a elixido/a na porta da aula: debuxo ou foto e unha pequena reseña.
7. Xornal escolar. Aqueles traballos que queirades incluír no xornal debedes entregalos o antes posible ao Equipo de normalización.

MURAL



O Mural está formado por 15 pezas, en tamaño A4. Distribuiranse as pezas polas aulas. Na entrada do colexio colocarase un soporte sobre o que ir colocando as pezas unha vez rematadas.

O Equipo de actividades complementarias será o encargado de coordinar esta actividade.

MARCADOR DE LECTURAS



O Equipo de normalización lingüística distribuirá os marcadores de lectura.

ACTIVIDADES EDUCACIÓN INFANTIL

	<p>17 de maio de 2005 Día das Letras Galegas</p>				
<table border="1"><tr><td> </td></tr><tr><td> </td></tr><tr><td> </td></tr></table>					
<p>Xesús Lorenzo Varela</p>					
<p>Día das Letras Galegas</p>					

17 de maio de 2005
Día das Letras Galegas



Xesús Lore

ras Galegas

enzo Varela

Día das Let



Educación infantil 4 anos

17 de maio de 2005
Día das Letras Galegas



orenzo

Galegas

Xesús

Día das Letras

Varela




Educación infantil 5 anos

ACTIVIDADES EDUCACIÓN PRIMARIA



17 de maio de 2005 Día das Letras Galegas

Día das Letras Galegas



Xesús Lorenzo Varela

Copia e debuxa

¡Baila, meu amor,
e volta de novo a bailar!
Na punta do pé,
na palma da man.

C.E.I.P. Sada e contornos

17 de maio de 2005


Equipo de Normalización Lingüística

O Día Das Letras Galegas naceu no ano 1963 para facer unha festa de cultura arredor da memoria dun personaxe que tivese escrito en galego. Escóllese o 17 de maio por se o que figura no libro Cantares Gallegos de Rosalía de Castro.

Este ano a Real Academia Galega dedica o 17 de maio, Día das Letras Galegas, a Xesús Lorenzo Varela.

ACTIVIDADES

1. Infórmate dos escritores que foron homenaxeados desde 1963.
2. Fai unha sopa de letras na que aparezan sete escritores que foran homenaxeados polo Día das Letras Galegas. Despois intercambia a túa sopa de letras coa dun compañeiro ou compañeira da clase.



3. Copia un poema de Xesús Lorenzo Varela.



XESÚS LORENZO VARELA

Xesús Lorenzo Varela (La Habana, 1916 - Madrid 1978)


Xesús Lorenzo Varela ven ó mundo no barco que transportaba á súa familia desde Monterroso (Lugo) á Habana (Cuba). Era o 10 de agosto de 1916 e permanece en Cuba ata 1920, data na que a súa familia se traslada a Buenos Aires (Arxentina). Os primeiros tempos da infancia de Lorenzo Varela alterna estadias en Monterroso con viaxes a Arxentina, para acabar instalándose en Lugo nos primeiros anos 30 para estudar o Bacharelato. Son os anos de proclamación da República que espertan as inquedanzas políticas deste mozo que se achega ó ideario nacionalista durante un acto que celebra o Partido Galeguista o 22 de marzo de 1932 no Teatro Principal de Lugo coa asistencia de Castelao e Valentín Paz Andrade, entre outros.

Na década dos 30 (1934) Xesús Lorenzo Varela vai estudar Filosofía e Letras en Madrid onde contacta co grupo PAN (Poetas Andantes y Navegantes no que participan Rafael Dieste e Xosé Otero Espasandín).

En 1936 comeza a Guerra Civil española (1936-1939) na que ten unha participación activa, tanto na fronte de loita como no ámbito cultural a favor da causa republicana.

Rematada a contenda civil, logo de permanecer no campo de concentración de Saint Cyprien (en Francia), consegue embarcar en maio de 1939 rumbo ao exilio en México. O mar marca dous dos fenómenos máis importantes da historia española do século

XX e da vida de Xesús Lorenzo: a emigración e o exilio. En Veracruz retoma a súa actividade literaria e xornalística chegando a co-dirixir as revistas "Romance" e "Taller", e escribe o seu primeiro poemario individual: "Elegías españolas" (1940). Esta primeira etapa no exilio remata en 1941 cando, tras unha breve estadia en Cuba, decide trasladarse de México a Arxentina onde reside seu pai



(súa nai falece en 1944) e onde se atopa con vellos amigos da súa etapa madrileña como Rafael Dieste, e con outros galegos como Luis Seoane. O xornalismo e a tradución centran a súa actividade en Buenos Aires onde comeza unha intensa actividade intelectual permanecendo fiel ós seus ideais políticos. Publica en 1942 "Torres de amor", o seu máis extenso poemario en castelán escrito antes da súa chegada a Arxentina. Corría o ano 1944, o mesmo do falecemento da súa nai, e publica a súa primeira obra galega, "Catro poemas para catro gravados", incluídos no álbum de litografías de Luis Seoane "María Pita e tres retratos medievales". Lorenzo Varela compaxinaría durante estes anos a poesía con outras actividades creativas, con ensaios e xornalismo. Ademais de codirixir con Luis Seoane entre xuño de 1946 e xullo de 1948 unha nova publicación: "Cabalgata", e de colaborar nos xornais e revistas máis importantes de Arxentina ("Clarín", "El Mundo", "La Nación", "El Hogar", "Del Arte", "Sur", "Primera Plana"...), exerce o xornalismo radiofónico a través do programa "Hora Once" co fotógrafo Horacio Cópola. Xesús Lorenzo coñece en Buenos Aires a Isaac Díaz Pardo do que se fará amigo e colaborador ata o seu falecemento. Nos anos 60 regresa por 15 días a España empregando unha licenza do xornal "La Razón" no que colabora e para comprobar as posibilidades reais dun retorno definitivo. Volta que non se produce, a pesar de que algúns dos seus amigos (Dieste, Seoane ou Díaz Pardo) sí deciden retornar.

O regreso prodúcese en plena transición política española, acelerado pola situación política que se vivía en Arxentina (represión

do dictador Videla tralo golpe de estado) e logo dunha viaxe por Europa: entre 1976 e a súa morte vive entre Galicia e Madrid matinando novos proxectos culturais pero nun ambiente de indiferencia e menosprezo cara a súa persoa. Só Xesús Alonso Montero e Ánxel Fole saúdan o seu regreso, e unicamente Díaz Pardo recolle a testemuña dalgunha das súas iniciativas como a posta en marcha do Instituto Galego de Información que Lorenzo Varela concibía como instrumento de comunicación e recuperación da moderna historia de Galicia. A Galería Sargadelos de Madrid sería o seu refuxio: alí dedicábase ás traducións e lembraba Arxentina. Xesús Lorenzo Varela chega ó fin dos seus días sumido na soidade. Falece en Madrid o 25 de novembro de 1978, e os seus restos mortais son trasladados ó camposanto de San Martiño de Fufín, en Monterroso (Lugo), no ano 1981



CRONOLOXÍA

1916.- * Nace o 10 de agosto en La Habana, según consta na partida de nacemento. Lorenzo Varela chega ó mundo a bordo dun barco de vapor preto de Cuba onde se dirixían seus pais como emigrantes: José Ramón Varela García e Perpetua Vázquez Ojea, naturais de Monterroso (Lugo). * Ós tres meses regresa a Galicia pasando a súa infancia na localidade lucense de Monterroso.

1923.- Lorenzo Varela regresa a carón de seus pais xa trasladados de Cuba a Arxentina, onde residen en Buenos Aires, no barrio obreiro de Nueva Pompeya.

1931.- De novo volta a Galicia instalándose no barrio lucense de Recatelo para estudar o bacharelato.

1933.- Participa na fundación de Mocidades Galeguistas, logo de entrar en contacto con Ramón Piñeiro e Ánxel Fole, e tras escoitar a Otero Pedrayo ou Castelao.


1934.- Viaxa a Madrid tras rematar o bacharelato.

1935.- Se integra na vida cultural madrileña asistindo a tertulias como as dos cafés La Granja del Henar e Pombo. Entra en contacto con Pablo Neruda, Valle Inclán, García Lorca, Ramón Gómez de la Serna, etc. Neste ano publica o primeiro artigo na revista PAN.

1936.- * Colabora no xornal El Sol realizando crítica literaria. * Participa nas Misións Pedagóxicas levando a cultura por España con escritores e intelectuais como Rafael Dieste.

1936-39.- Combate na Guerra Civil española no bando republicano e colabora en varias revistas como El Mono Azul, Hora de

Lorenzo Varela



España, Ahora... Tamén participa na organización do Congreso Internacional de Escritores Antifascistas en Valencia.

1939.- Rematada a guerra, fuxe a Francia quedando internado nun campo de concentración en Saint-Cyprien. De alí, e grazas a varios contactos, logra trasladarse ó seu primeiro país no exilio: México.

1939-41.- Xa en México colabora en revistas como Taller, Romance, Revista Popular Hispanoamericana...

1940.- Publica o seu primeiro poemario individual: Elegías españolas.

1941.- Segunda etapa no exilio regresando a Buenos Aires onde xa vivira de neno. Intégrase no grupo de intelectuais galegos e arxentinos que facían tertulia no café Tortoni onde retoma o contacto con Rafael Dieste e entabla amizade con Luis Seoane.

1942.- Publica tamén en castelán Torres de Amor con limiar de Rafael Dieste e ilustracións de Seoane. Mantén as colaboracións en diversas publicacións como De mar a mar.

1943.- Funda a revista Correo Literario con Luis Seoane

1944.- Publica o seu primeiro poemario en galego: Catro poemas para catro gravados no mesmo ano en que se produce o falecemento da súa nai.

1946.- Funda, tamén con Luis Seoane, a revista Cabalgata.

1947.- Trasládase unha temporada a Montevideo para vivir unha historia de amor con Estela Canto, da que estaba namorado Jorge Luis Borges.

1951.- Nova edición de Catro poemas para catro gravados, musicados por Julián Bautista e en edición bilingüe galego-inglés.

1952.- Regresa a Arxentina dando por rematada a súa relación con Estela Canto.

1954.- Coñece á que será a súa dona: Marika Gestein, e publica Lonxe con cuberta e ilustracións de Luis Seoane.

1960.- Casa con Marika Gestein Fai unha pequena incursión en Galicia pero regresa pronto a Buenos Aires.

1961.- Publica un poema in memoriam de Aquilio Inglesia Alvariño.

1963.- Dedícalle un extenso poema a Picasso no oitenta aniversario do artista.

1966.- Publica o poema Emigración no



volumen Galicia Hoy de Ruedo Ibérico, e tamén Seoane o el arte sometido a la liberdade.

1967.- Pronuncia o discurso central do Día de Galicia no Teatro Castelao do Centro Galego en Buenos Aires.

1969.- Publica o poema Castelao, no libro Castelao na voz dos poetas de Edicións do Castro.

1970.- Publica o poema Cantiga nova que se chama cadea, dedicado ó entón encarcelado Xosé Luis Méndez Ferrín, no único número da publicación editada por Luis Seoane Cuco-Rei.

1971.- Publica Dalí, monografía sobre o pintor.

1976.- Regresa o 14 de marzo a España despois de 37 anos de exilio. Vive entre Galicia e Madrid ata que chega a súa dona e se instalan na capital de España.

1978.- Escribe un pesimista poema dedicado a Valentín Paz Andrade. Está próximo o seu falecemento o 25 de novembro deste ano, sendo soterrado no cemiterio da Almudena.

1979.- Edítanse, a xeito de homenaxe póstuma, os libros Poesía e Homenaxes.

1981.- O seu corpo é trasladado desde o cemiterio da Almudena ata o panteón familiar de Fufín, en Monterroso (Lugo), onde xa estaban soterrados seus avós e a súa nai. Isaac Díaz Pardo realiza unha inscrición: "Aquí xaz Lorenzo Varela, presente na lembranza do seu pobo".






EQUIPO
NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA
C.E.I.P. Sada e contornos

Lorenzo Varela

Sinala as viaxes que fixo e os países nos que viviu Lorenzo Varela durante a emigración e exilio.

A MALETA DE LORENZO VARELA



Entregarase aos alumnos de Educación primaria un recortable dunha maleta. Esta simboliza a emigración e o exilio de Xesús Lorenzo Varela.

Cada vez que un alumno leva un libro en préstamo recibirá un poema do autor que poderá gardar no interior da maleta. Fíxose unha selección de seis poemas

Lugo

Na fonte de ferro,
no coiro dos bois,
no espello do vento,
da navalla e da flor.
No recén da herba,
no lobo eno can,
nos ollos da meiga,
na pedra do lar.
No refaixo dela,
na ponte do alén,
no andar das ovellas,
no ar do emncer.
No cabalo quente,
no viño mellor,
no que non se perde
no meu corazón.
Na noite senlleira,
no liño tecido,
na madeira tenra
dos vellos castiros.

Na vida, na morte, no amor e no ren,
louvareite, Lugo de aceiro e de mel.

Xesús Lorenzo Varela
Letras galegas 2005



C.E.I.P. Sada e contornos. Biblioteca escolar

Romaría

¡Baila, meu amor,
e volta de novo a bailar!
Na punta do pé,
na palma da man.

Nunha escada de herba
baixaron os anxos
por te ver bailar.
Baila, meu sol baila,
na punta do pé,
na palma da man.

Cara de cereixa,
non deixes no ar
coma un peixe o corpo
brincando no mar.
¡Baila, meu amor,
e volta de novo a bailar!

Xa meu corazón
non é meu nin é
corazón humán:
ten mans e ten pés
e pense a bailar.
Na punta do pé
na palma da man.

¡Baila, meu amor,
e volta de novo a bailar!

Xesús Lorenzo Varela
Letras galegas 2005



C.E.I.P. Sada e contornos. Biblioteca escolar

Emigrante

¿Quen son eu, quen me trouxo,
quen me ten de levar?
Lonxe quedou o muíño,
tamén lonxe o piñeiral.
¿Quen é o veciño meu,
o polaco que chora ardentes bágoas,
ese loiro rapaz que non vai ó traballo
porque di que o mencez ten veneno de serpe

¿Quen son eu, quen me trouxo?
¿E quen me levará deste inferno das moedas
ó ceo da caridá?

¡Meu muíño de pan!
¡Meu piñeiral!
¡Meu lar!

Xesús Lorenzo Varela
Letras galegas 2005



C.E.I.P. Sada e contornos. Biblioteca escolar

Dolmen

Camiño do tempo vello,
camiño do tempo novo:
pedra dos tempos sen tempo,
pedra dun ollar sen ollos.

Semente do azar primeiro,
centella inmóbil da terra:
se latexara o teu peito,
ou se te voltaras de herba.

Se voaras ou tiveras
estrelados aguiars.
Se te romperas, penedo,
e deras a luz que sabes.

Feixe de raios ou dolmen
lume gardado no ren,
tes xeito e alma de home
que un día quixo nacer.

É sagrado o teu silencio:
Ao pé de ti fala a choiva,
sobor de ti canta o vento
e dentro de ti, ti escoitas.

Camiño do tempo vello,
camiño do tempo novo:
pedra dos tempos sen tempo,
pedra dun ollar sen ollos.

Xesús Lorenzo Varela
Letras galegas 2005



C.E.I.P. Sada e contornos. Biblioteca escolar

**Cantiga nova que se chama
cadea**

A Xosé Luís Méndez Ferrín, na gaiola.

Esta é a cantiga nova que se chama cadea,
pois xa non hai ribeiras pras cantigas de amor
.../...

A liberdade, amor, a liberdade,
ise verdor perene que nin na morte morre.
.../...

Bulen fanadas maos riscando as pedras,
garaballando un nome de muller,
un nome de montaña,
un nome de veleiro,
o nome dun meniño non nascido,
unha data,
unha cruz,
unha pomba en cadea que se chama Galicia.
.../...

-Amor, amor, amor,
¿onde vas meu amor?
-Vou pra cadea.
-¿De onde vés, meu amor?
-Amor meu, meu amor, veño vindo
de penar na cadea.
Pras miñas cades vou,
das miñas cades veño;
eslabón por eslabón,
xa máis que home son ferro.
Meu amor, meu doce amor:
máis que corazón espada,
pólvora máis do que beixos,
máis pólvora namorada.

Xesús Lorenzo Varela
Letras galegas 2005



C.E.I.P. Sada e contornos. Biblioteca escolar

Emigrantes

"Tres millones de españoles viven lejos de
la patria. Muchos de ellos en gallineros
europeos".

Centos, miles de galegos
foron a buscar o pan,
fóra, lonxe de Galicia,
que preto non o hai;
que toda a fariña nosa
non se sabe para quen vai.
Centos, miles de galegos
empuxados a emigrar,
hoxe viven coas galiñas
porque outra casa non hai
en París, Xenebra, Hamburgo,
en ningunha capital
.../...

Xesús Lorenzo Varela
Letras galegas 2005



C.E.I.P. Sada e contornos. Biblioteca escolar


FESTA DOS XOGOS

C.E.I.P. Sada e contornos

FESTA DOS XOGOS

12 de maio de 2005

Comba
 Mariolas
 Encestar na botella
 Tiro de corda
 Carreiras de sacos
 Petanca
 Carreiras de carolos
 Xogo das sillas (con aros)
 Pita cega
 Baile da escoba
 Chapas
 Gogos
 Canicas
 Trompos



Haberá 7 estacións de xogos.

Nalgúns xogos deberás buscar compañeiros para xogar en equipo.

O espacio de xogo estará marcado. Non poderás entrar nel se non estás xogando.

Se queres participar deberás esperara o teu turno.

Mentres esperas deberás animar ós teus compañeiros.

Se queres xogar as chapas, gogos ou ó trompo deberás traelos ti. Para os demais xogos disporás do material preciso para xogar.

C.E.I.P. Sada e contornos

FESTA DOS XOGOS: Organización

O material fotocopiado para os alumnos: normas e plano dos xogos repartirase fotocopiado a cada profesor-titor para que o entregue aos alumnos.

-Os xogos organizaranse por estacións. Empezaremos ás 12 e remataremos ás 13,45 horas. Cando os alumnos de Primaria saian ó recreo (11,45) xa estarán preparadas as estacións de xogo, advertídeos que ata as 12 non empezamos.

-Evitarase que compitan entre si alumnos de distintos ciclos naqueles xogos nos que poidan mancarase.

-O espazo de xogo estará delimitado. Evitarase que os alumnos que esperan ou miran molesten ós participantes. Os materiais precisos para cada xogo estarán dispoñibles en cada estación antes das 12.

-Naquelas estacións nas que o espazo o permita poderán facerse varios xogos simultáneos. No caso contrario iranse alternando os xogos.

-Os alumnos que queiran participar nun xogo agruparanse segundo as normas deste e agardarán o seu turno.

ESTACIONS E XOGOS

Estación 1: Comba, Mariolas

Profesores: Natalia, Olga

Material: 1 corda de 6 metros, tizas e chapas.

Estación 2: Encestar na botella, carreiras de sacos e tiro de corda

Profesores: Puri, Luisa

Material: Botellas, cordel e lápices, sacos e 1 corda de 6 metros

Estación 3: Carreiras de carolos, xogo das sillas (con aros) e petanca

Profesores: Ana, Luís, Lourdes

Material: carolos e papeleiras, 15 aros e un silbato e xogo de petanca.

Estación 4: Pita cega e baile da escoba

Profesores: Marga, Mercedes, Roberto

Material: un antifaz, unha escoba e radiocasette.

Estación 5: Chapas, gogos e canicas

Profesores: Rosa, Isabel

Material: unha bolsa de canicas e as chapas e os gogos deberanos traer os alumnos.

Estación 6: Bolos e trompos

Profesores: Rosa, Isabel

Material: Xogo de bolos, os trompos deberanos traer os alumnos.

Estación 7: O retablo das marabillas

Profesores: Oswaldo, Miguel

Horario:

-De 12 a 12,30: Educación Infantil

-De 12,30 a 13: 1º ciclo E. Primaria

-De 13 a 13,20: 2º ciclo E. Primaria

-De 13,20 a 13,40: 3º ciclo E. Primaria

C.E.I.P. Sada e contornos

FESTA DOS XOGOS

(12 de maio de 2005)

NORMAS

Haberá 7 estacións de xogos.

Nalgúns xogos deberás buscar compañeiros para xogar en equipo.

O espazo de xogo estará marcado. Non poderás entrar nel se non estás xogando. Se queres participar deberás esperar o teu turno.

Mentres esperas deberás animar ós teus compañeiros. Non se poderá andar polo patio molestando ós que están xogando.

Se queres xogar as chapas, gogos ou ó trompo deberás traelos ti.

Para os demais xogos disporás do material preciso para xogar.

ESTACIÓNS E XOGOS

Estación 1: Comba, mariolas

Estación 2: Encestar na botella, tiro de corda, carreiras de sacos

Estación 3: Petanca, carreiras de carolos, xogo das sillas (con aros)

Estación 4: Pita cega, baile da escoba

Estación 5: Chapas, gogos, canicas

Estación 6: Trompos, bolos

Estación 7: O retablo das marabillas

(Horario na estación 7):

-De 12 a 12,30: Educación Infantil

-De 12,30 a 13: 1º ciclo E. Primaria

-De 13 a 13,20: 2º ciclo E. Primaria

-De 13,20 a 13,40: 3º ciclo E. Primaria

